

## ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS

### Artigo 1.º Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencias urbanísticas, que rexirásese pola presente Ordenanza fiscal.

### Artigo 2.º Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refiren a Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, a Lei 1/97 do Solo de Galicia, Lei 6/98 de Réxime do Solo e demais lexislación concordante, que se realicen no termo municipal, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada lexislación e no Planeamento e normativa Urbanística deste Municipio.

### Artigo 3.º Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmuebles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuinte os constructores e contratistas das obras.

### Artigo 4.º Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 5.º Base imponible.

1. Constitúe a base imponible da Taxa:

a) O custe real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custe real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.

d) A superficie dos carteis de Propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

2. Do custe sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

Artigo 6.º Cota tributaria.

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 7.º Exencións e Bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 8.º Percepción.

1. Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderáse iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza, a Taxa se percibirá cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9.º Declaración .

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, achegándolle proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que conste o importe estimado da obra, medicións e destiño do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do D. 69/89, do 31 de marzo da

Xunta de Galicia.

2. Cando se trate de licencia para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude achegaráselle un presuposto das obras a realizar, con descripción detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto nos que os seus datos permitan comprobar o custe daqueles.

3. Se despois de formulada a solicitude de licencia se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse no coñecemento da Administración municipal, achegándolle o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 10. Liquidación e ingreso.

1. Liquidarásese e esixirásese o importe da Taxa unha vez concedida a licencia urbanística. Non obstante, poderásese esixir o importe da Taxa no momento de presentala solicitude de licencia de obra, en calidade de depósito previo

2. A Administración municipal poderásese comprobar o custe real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de tal comprobación, practicarásese a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso, da liquidación inicial.

3. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis non teña este carácter.

4. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo sustituto do contribuinte para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo. 11 Infraccións e sancións.

En todo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarásese ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA. As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses, se non se inician as obras, e se antes de que transcurran dous anos desde a súa concesión non se rematan as mesmas.

SEGUNDA. A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construcións.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Anexo. Primeiro.- Tarifa:

Por solicitudes de licencias.....20,00 €  
Por fixación de aliñacións ou rasantes e por emisión de informes  
técnicos de carácter económico, urbanístico, etc.a instancia de parte .....45,00 €

**Segundo. Outras normas especiais de xestión.**

**Terceiro. Data de aprobación.**

27 -11-98

09 11-01 Conversión de pesetas a euros

18-11-05 .- Modifícanse as tarifas